

EXpte.: 10L/2015 – E.L. – PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015:  
OBRA DE: “REHABILITACIÓN DA CASA DO PRIORATO PARA CENTRO DE FORMACIÓN DE OFICIOS TRADICIONAIS”.

ASUNTO: ADXUDICACIÓN

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Completada a tramitación do procedemento negociado para a contratación da obra de **“Rehabilitación da casa do Priorato para centro de formación de oficios tradicionais”**, coa presentación da documentación, sinalada na cláusula 11<sup>a</sup> do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexíe esta contratación, o 27 de xullo de 2014 (entrada nº 7695) e o 31 de xullo de 2015 (entrada nº 7930), requirida ó licitador que obtivo a maior puntuación, de acordo ó disposto no informe técnico de valoración das ofertas admitidas emitido ó respecto polo arquitecto municipal o 6 de xullo de 2015, e á vista a fiscalización positiva ou favorable da Intervención Municipal de data 14 de xullo de 2015, esta alcladía **RESOLVE**:

**1º) Adxudicar, o contrato da obra de “Rehabilitación da casa do priorato para centro de formación de oficios tradicionais” á empresa “CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA, S.L” conforme ó Prego de cláusulas administrativas particulares e ó proxecto técnico polo que se rixe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario, que executará as obras polo **prezo de cento oitenta e seis mil catrocentos sesenta e nove con corenta e catro (186.469,44) EUROS (IVE ENGADIDO)**, debendo procederse a súa formalización en documento administrativo dentro dos **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** seguintes ó da notificación da adxudicación ó adxudicatario, conforme o sinalado na **cláusula 13<sup>a</sup>** do prego de cláusulas administrativas particulares.**

**2º) Ós efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:**

A esta licitación foron invitadas as empresas **Fachadas García, S.L**, **Construcciones Balboa y Buceta, S.L** e **Construcciones Enrique C Casas, S.L**, presentando a súa plica da unha delas, sendo admitidas todas as presentadas.

- **Plica núm. UN:** Presentada por Don Daniel García Blanco, en representación da empresa **FACHADAS GARCÍA S.L**, de Boiro e de conformidade co informe técnico de data 29 de xuño de 2015, obrante no expediente, o Arquitecto Municipal outórgalle á plica **3,89** puntos polo criterio de prezo e **0,00 puntos** polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha **puntuación total de 3,86 puntos**.

- **Plica núm. DOUS:** Presentada por Don Emilio Balboa Ortiz, en representación da

empresa **CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA, S.L.**, de Pontevedra e de conformidade co informe técnico de data 29 de Xuño de 2015, obrante no expediente, o Arquitecto Municipal outorgalle á plica **13,45 puntos**, polo criterio do prezo e **0,00 puntos** polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha puntuación total de **13,45 puntos**.

- **Plica núm. TRES:** Presentada por Don Manuel Rodríguez Osorio, en representación da empresa **CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L.**, de San Vicente de Cerponzóns e de conformidade co informe técnico de data 29 de xuño de 2015, obrante no expediente, o Arquitecto Municipal outorgoulle á plica **5,92 puntos**, polo criterio do prezo e **0,00 puntos** polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha **puntuación total de 5,92 puntos**.

#### A) Prezo

Para a valoración do prezo, tal e como se establece na cláusula 9 do Prego, calculada á baixa media das ofertas; e a partir desta baixa establecese a cualificación de temeraria de acordo cos criterios establecidos no artigo 85) do RD 1098/2001, para a puntuación deste criterio, tal e como se recolle na cláusula 9 do prego, dando a máxima puntuación ó límite da porcentaxe de baixa temeraria ou superiores, e a partir deste proporcional. A puntuación máxima por este criterio está fixada en 70 puntos.

De conformidade co artigo 85.3) do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, cando concorran tres licitadores, considéranse desproporcionadas ou temerarias as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais a media das ofertas presentadas. Neste caso ningunha das ofertas é desproporcionada ou temeraria, pois ningunha excede de 10 puntos proporcionais da media aritmética.

Así, neste caso a media aritmética das baixas das tres ofertas é de 1,15 %, e a baixa temeraria establecese en 11,15%, polo que a esta baixa corresponderíalle a máxima puntuación; e o resto proporcional a esta, resultando a puntuación que se recolle no seguinte cadro:

PLICA	EMPRESA	PREZO	BAIXA	%BAIXA	PUNTOS
1	FACHADAS GARCÍA, S.L	190.579,37 €	1.185,80 €	0,62%	3,89
2	CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA, S.L		3.609,93€	1,89%	11,86
3	CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L		1.815,01 €	0,95%	5,96
<b>BAIXA ARITMÉTICA MEDIA</b>				<b>1,15%</b>	
<b>BAIXA TEMERARIA</b>				<b>11,15%</b>	

#### B) Melloras do incremento da calidade

Para a valoración do incremento de calidade, tal e como se establece na cláusula 9 do prego, non se valorarán aqueles incrementos a aplicar noutras accións diferentes ás de radicación do obxecto do contrato e tampouco se permitirán o aumento do obxecto do contrato, sexa en metros cadrados ou lineais. A puntuación máxima fixada para este

criterio está fixada en 70 puntos.


A única oferta que realiza melloras é a oferta da plica 2 de "Construcciones Balboa e Buceta, S.L", pero esta realiza estas melloras en fábrica de ladrillo H/D en formación de tabiquería interior, e si ben no proxecto de rehabilitación é unha primeira fase, as divisións interiores serán necesarias, pero nesta fase non está previsto a realización das mesmas; polo que se trata dunha nova unidade non contemplada no proxecto, e de acordo co punto 9 do prego, no que se establece que non valorarán aqueles incrementos a aplicar noutras accións; polo que a mellora realizada non se trata dun incremento da calidade das unidades de obras, senón dunha nova unidade non prevista, polo que esta mellora non se valorará por non axustarse ás condicións establecidas no prego.

Por todo o exposto anteriormente, a oferta que acada maior puntuación, é a plica presentada pola empresa "**Construcciones Balboa y Buceta, S.L**" con unha **puntuación de 11,86 puntos**.

Asemando faise constar o informe técnico realizado trata fase de negociación a efectos de valoración definitiva das ofertas de data 6 de xullo de 2015

Realizada a fase de "Negociación do contrato" conforme ás bases do Prego que o regula, o 3 de xullo de 2015 no Salón de Plenos da Casa Consistorial, da obra de "REHABILITACIÓN CASA DO PRIORATO PARA CENTRO DE FORMACIÓN DE OFICIOS TRADICIONAIS" o que subscribe informa:

Esta baixa, modifica as puntuacións obtidas anteriormente, polo que se debe proceder a unha nova puntuación do prezo, e de conformidade cos criterios xa expostos no informe emitido polo que subscribe na data de 29 de xuño de 2015, resulta a puntuación que se recolle no seguinte cadro:

PLICA	EMPRESA	PREZO	BAIXA	%BAIXA	PUNTOS
1	FACHADAS GARCÍA, S.L	190.579,37 €	1.185,80 €	0,62%	3,86
2	CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA,S.L		4.109,93 €	2,16 %	13,45
3	CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L		1.815,01 €	0,95%	5,92
<b>BAIXA ARITMÉTICA MEDIA</b>				<b>1,24%</b>	
<b>BAIXA TEMERARIA</b>				<b>11,24%</b>	

Así, neste caso a media aritmética das baixas das tres ofertas é de 1,24%, e a baixa temeraria establecese en 11,24%, polo que a esta baixa corresponderá a máxima puntuación, e o resto proporcional a esta.

Non se realizou ningunha mellora na calidade do contrato; xa que na fase anterior, neste criterio ningunha das empresas obtivera ningún punto, polo que se mantén nesta fase do negociao.

Por todo o exposto anteriormente, a oferta que acada maior puntuación, é a plica presentada pola empresa "Construcciones Balboa y Buceta, S.L" con unha puntuación de 13,45 puntos.

**3º) Nomear director de obra ó arquitecto municipal**

**4º) Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.**

**Dada en Sanxenxo a seis de agosto de dous mil quince.**



**O alcalde**

**Gonzalo Gonzalo Pita**



**ante min, secretario xeral**

**Angel Luis López Pita**